UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Análise Arquitectónico 2		Código	630G02017
Titulación	Grao en Estudos de Arquitectura			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Segundo	Obrigatoria	9
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Representación e Teoría Arquitectónica			
Coordinación	Lizancos Mora, Plácido		Correo electrónico	placido.lizancos@udc.es
Profesorado	Castro García, Óscar Doce Porto, Juan Manuel Franco Taboada, Juan Manuel Lizancos Mora, Plácido Llano Cabado, Pedro de Ventura Real, Jose Maria Nicolas Zas Gomez, Evaristo		Correo electrónico	oscar.castro@udc.es juan.doce@udc.es manuel.franco.taboada@udc.es placido.lizancos@udc.es pedro.llano@udc.es jose.ventura@udc.es evaristo.zas@udc.es
Web				
Descrición xeral	ANÁLISE ARQUITECTÓNICA 2. METODOLOXÍA DO PROXECTO. TEORÍA DA ARQUITECTURA. ANÁLISE ARQUITECTONICA O obxectivo desta materia céntrase na adquisición de habilidades e capacidades para a análise da arquitectura, graficamente e por medio de maquetas analíticas, que lle permitirán abordar o estudo de diversos aspectos do proxecto arquitectónico, a súa relación co seu ámbito e a adecuación ás necesidades dos usuarios, adquirindo competencias específicos dos bloques técnico e proxectual.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Aptitude para aplicar os procedementos gráficos á representación de espazos e obxectos (T)
A2	Aptitude para concibir e representar os atributos visuais dos obxectos e dominar a proporción e as técnicas do debuxo, incluídas as informáticas. (T)
A3	Coñecemento axeitado e aplicado á arquitectura e ao urbanismo dos sistemas de representación espacial.
A4	Coñecemento axeitado e aplicado á arquitectura e ao urbanismo da análise e teoría da forma e as leis da percepción visual.
A40	Capacidade para exercer a crítica arquitectónica.
A48	Coñecemento axeitado das teorías xerais da forma, a composición e os tipos arquitectónicos.
A63	Elaboración, presentación e defensa ante un Tribunal Universitario dun traballo académico orixinal realizado individualmente relacionado con calquera das disciplinas cursadas.
A64	Coñecemento avanzado de aspectos específicos da materia de Expresión Gráfica Arquitectónica no contemplados expresamente na Orde EDU/2075/2010
B1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita atoparse a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado

B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	Coñecer a historia e as teorías da arquitectura, así coma as artes, tecnoloxías e ciencias humanas relacionadas con esta
B7	Coñecer o papel das belas artes como factor que pode influír na calidade da concepción arquitectónica
B12	Comprender as relacións entre as persoas e os edificios e entre estes e o seu entorno, así como a necesidade de relacionar os edificios e os espazos situados entre eles en función das necesidades e da escala humana
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para o aprendizaxe ao longo da súa vida
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia do aprendizaxe ao longo da vida
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultura da sociedade

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Adquirir coñecementos técnicos para a análise da arquitectura por medio de ferramentas gráficas e maquetas.	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
	A4	B4	C4
	A40	B5	C5
	A48	B6	C6
	A63	B7	C7
	A64	B12	C8

Contidos	
Temas	Subtemas
INTRODUCCIÓN Ó TEMA ESPECÍFICO DO CURSO	Introducción. Organización, obxetivos e metodoloxía. Cada curso a asignatura, céntrase no estudo dun tema monográfico, que pode ser a obra dun arquitecto, ou ben un tema de arquitectura xeralista. Éste tema será presentado ao comenzo do curso.
INTRODUCIÓN Á ANÁLISE GRÁFICA DA ARQUITECTURA	A que chamamos proxecto arquitectónico Aprendendo a ler un proxecto. Conceptos básicos para una introdución á análise O diagrama como xeito de expresión
ANÁLISE FUNCIONAL	O contido funcional do feito arquitectónico. A estrutura funcional como base da arquitectura. Características das circulacións. Tipoloxía. Tipo e Modelo
ANÁLISE ESPACIAL	O espazo e a luz como esencia da arquitectura. A percepción da arquitectura a través dos seus percorridos. Estratexias para a representación do espazo e a súa análise.

ANÁLISE LUMÍNICA	O espazo e a luz como esencia da arquitectura. Estratexias para a representación da luz e a súa análise. A luz como revelación dos espazos interiores Luz natural directa, reflectida, difuminada, ensombrecida. O control da luz e as novas tecnoloxías.
ANÁLISE TOPOLÓXICA	O ?genius loci?. A elección do lugar A adecuación ao emprazamento: tensión e harmonía. Espazos interiores, espazos exteriores: relacións.
ANÁLISE CONSTRUCTIVA	O sistemas constructivo na materialización e significado da arquitectura.
ANÁLISE TECNOLÓXICA	O sistema tecnolóxico na materialización e significado da arquitectura. A pel na conformación tectónica da arquitectura.
ANÁLISE FORMAL	Recoñecendo a aparencia visual dun obxecto. A forma como principio e a forma como consecuencia. O proceso xenerativo da forma como relación entre a masa, o espazo e a superficie. Xeometría: proposta gráfica para a ordenación morfolóxica. O concepto de módulo.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A40 A48 A64 B6 B7 C5 C8	22	1	23
Presentación oral	B3 B4 C1 C2	5	5	10
Saídas de campo	A40 B12 C4 C6 C7 C8	8	0	8
Eventos científicos e/ou divulgativos	B3 B6 B7 B12 C6 C7	9	0	9
Obradoiro	A1 A2 A3 A4 A40 A64 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B12 C1 C2 C3 C4	28	70	98
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A40 A63 B1 B5 B12	28	40	68
Discusión dirixida	A40 C1 C2 C5 C6 C7 C8	6	0	6
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Destinada á introducción conceptual e a ofrecer a información necesaria para o desenvolvemento dos traballos de taller.
Presentación oral	Os estudiantes expoñen verbalmente, co apoio de TIC, os resultados dos seus traballos, interactuando co profesorado e con outros estudiantes.
Saídas de campo	A viaxe de estudios facilita o directo coñecemento das arquitecturas sobre as que se traballa ou doutras análogas.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Para profundar no coñecemento de aspectos especializados relacionados coa materia que podan aportar novos datos sobre os aspectos xerais do curso
Obradoiro	Nos obradoiros combínanse tódalas metodoloxías (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) simultaneamente, sobre tarefas prácticas, co asistencia do profesor.

Traballos tutelados	O obxectivo da materia é adestrar ao estudante na análise arqwuitectyónica, estudando fontes de información diversas sobre casos de estudo reais. Todo esto é estruturado nun Traballo Tutelado, que haberá de realizarse ao longo do período docente dacuerdo cunha metodoloxía científica, acompasándose aos coñecementos teóricos impartidos polo profesorado. Producirase un documento final no que tódolos seus contidos se expresen con estratexias comunicativas avanzadas, propias dos profesionais da arquitectura.
Discusión dirixida	Periodicamente se organizan sesións de crise nas que se confrontan de xeito informal os resultados dos traballos de diversos grupos se ben esta discusión pode estar dirixida por un moderador.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Presentación oral Obradoiro Traballos tutelados	A avaliación é un proceso continuo, no que a actividade que en cada unha das sesións do curso desenvolve o estudiante é controlada e rexistrada. Periodicamente e -en todo caso, sempre que o estudante asi o requira- infórmaselle da adecuación do nivel acadado polas súas actividades en relación cos obxectivos programáticos da materia. Establécese un perído ao remate do curso, libre de sesións teóricas e de obradoiros, nos que a atención se desenvolve exclusivamente de xeito individual de forma que cada estudante é orientado cara á consecución dos obxectivos finais da materia ou, no seu caso, á excelencia. En todo momento do curso os profesores brindan aos estudantes apoio complementario ao docente de xeito individual, en horario coñecido.

Avaliación			
Metodoloxías	**Competencias / Resultados**	**Descrición**	**Cualificación**
Discusión dirixida	A40 C1 C2 C5 C6 C7 C8	As discusións dirixidas poñerán en evidencia a solidez dos coñecementos do estudiante e dos mecanismos visuais de comunciación das súas ideas.	5
Presentación oral	B3 B4 C1 C2	Sendo unha materia eminentemente práctica, as presentacións orais que os estudiantes realizan constitúen o mellor xeito de valorar o dominio dos coñecementos e técnicas que son o obxectivo da materia.	10
Saídas de campo	A40 B12 C4 C6 C7 C8	Procurase realizar viaxes de estudos que axuden ao coñecemento das obras obxecto de análise ou relacionadas.	2
Sesión maxistral	A40 A48 A64 B6 B7 C5 C8	Os contidos das sesións teóricas son fundamentais para coñecer as técnicas e obxectivos de análise que logo serán empregados no desenvolvemento do traballo.	10
Eventos científicos e/ou divulgativos	B3 B6 B7 B12 C6 C7	Para afondar no coñecemento de aspectos especializados, relacionados coa materia que poidan aportar novos datos sobre os aspectos xerais do curso.	3
Obradoiro	A1 A2 A3 A4 A40 A64 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B12 C1 C2 C3 C4	O obradoiro é o ámbito de síntese da materia. Aqui se evidencian simultaneamente o desenvolvemento intelectual do estudiante, o coñecemento dos obxectivos do curso, o dominio da materia tratada e o dos recurso comunicativos propios do arquitecto.	30
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A40 A63 B1 B5 B12	O obxectivo da materia é adestrar ao estudante na análise da arquitectura e na organización de fontes de información para casos de estudo reais. Todo esto é estruturado nun Traballo Tutelado, que haberá de realizarse ao longo do período docente de acordo cunha metodoloxía científica, acompasándose aos coñecementos teóricos impartidos polo profesorado. Producirase un documento final no que tódolos seus contidos se expresen con estratexias comunicativas avanzadas, propias dos profesionais da arquitectura.	40

Observacións avaliación

O alumno debe asistir as sesións maxistrais e presentar os traballos gráficos, maquetas e demais elementos propostos nos obradoiros co nivel exisido de calidade para superar a asignatura. A asistencia e obrigatoria alo menos nun 80% das clases teóricas e prácticas, así como a os obradoiros compartidos. Sin ese requisito o alumno non poderá aprobar por curso a asignatura. Para superar a materia o alumno dispoñerá de dúas oportunidades: xuño e xullo. A primeira coincide coa data de entrega do último traballo, e capacitará ao alumno para aprobar por curso. O alumno que non supere esta primeira oportunidade poderá presentarse a unha segunda, que consistirá nunha proba práctica no mes de xullo. Entregar menos do 80% das prácticas acredita que non se seguiu o curso e implica unha calificación de "Non Presentado" nas dúas oportunidades de avaliación, por tanto o alumno terá que repetir a asignatura por completo. Os estudantes matriculados con posterioridade ao inicio do curso académico deberán asistir ás clases teóricas e prácticas dende a data da súa matrícula, coa posibilidade de recuperación das prácticas realizadas até a data. MOBILIDADE: A docencia a alumnos de programas de mobilidade, poderá adaptarse a condicións pedagóxicas e a traballos tutelados especiais.

Fontes de información	
Bibliografía básica	- Baker, Geoffrey H. (1989). Le Corbusier. Análisis de la forma. - Clark & Pause (1984). Arquitectura. Temas de composición. Aalto, Kahn, Moore, Stirling, Le Corbusier, Paladio, Venturi. - Ching, Frank (1988). Arquitectura: forma, espacio y orden.. - Ching, Frank (1989). Dibujo y proyecto. - Curtis, Wilian (1987). Le Corbusier, Ideas y formas.. - Fraser & Henmi (1994). Envisioning architecture. An analysis of drawing.. - Michel, Lou (1996). Light. The shape of space.. - Moo Zell (2008). The architectural Drawing Course.. - Moore /Allen & Lyindon (1974). La casa:forma y diseño.. - Norberg- Schulz, Christian (1967). Intenciones en arquitectura.. - Wittkower, Rudolf (1995). Los fundamentos de la arquitectura en la edad del humanismo.. - Varios autores (2014). Cadernos PFC. ETSAC, A Coruña.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Análise Arquitectónico 1/630G02012 Debuxo de Arquitectura/630G02002 Análise de Formas Arquitectónicas/630G02007 Proxectos 2/630G02006
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

RECOMÉNDSE A ACCESO CON BEN DESENVOLTAS HABILIDADES GRÁFICAS MANUAIS ASÍ COMO DE INFORMÁTICA GRÁFICA.RECOMÉNDASE TER APROBADAS AS MATERIAS QUE CONFORMAN O TALLER DO 3º CADRIMESTRE E A MATERIA DE ANÁLISE ARQUITECTÓNICO 1ESTA MATERIA NON DEBE CURSARSE SIMULTANEAMENTE CON TALLERES SUPERIORES.ESTA MATERIA DEBE CURSARSE CONXUNTAMENTE CON PROXECTOS 4 E URBANÍSTICA 1.NON SE PERMITE O USO DE TELÉFONOS MÓBILES, TABLETAS OU ORDENADORES NAS AULAS TEÓRICAS PARA FINS NON ACADÉMICOS. O INCUMPLIMENTO DESTA NORMA PODERÁ SUPOÑER A EXPULSIÓN INMEDIATA DA AULA.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías